



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 24 DE XUÑO DE 2011.**

### **ALCALDE**

D: Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIRO/AS:**

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D Iván Méndez García

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez.

BNG:

D José Manuel Raposo López

### **SECRETARIO :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 24 de xuño de 2011, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria da Corporación Municipal.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

## **1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión anterior, dándolle a palabra ó Sr. Raposo, por ser o grupo que ten menos representación, e manifestando o Sr. Raposo que debía comezar o Sr. Álvarez, que é o que máis votos acadou nas pasadas eleccións. Manifesta o Sr. Alcalde que a norma que temos é que empece o grupo con menos representación, e sempre se fixo así. Manifesta o Sr. Álvarez que nas sesións dos órganos colexiados sempre empeza falando o voceiro do grupo que menos representación ten, e así se viña facendo sempre neste concello; en todo caso, eu non teño ningunha obxección respecto da acta.

Manifesta de seguido o Sr. Raposo que el está en desacordo coa redacción da acta porque debería eliminarse a linguaxe sexista e poñer os/as cando corresponda, e tamén porque non se recolle literalmente o que dixeran na anterior sesión, relativo a que tiñamos probas fotográficas de que as asistentes do concello levaron a votar á xente e que o Sr. Quindimil non ten vergoña en ir á casa da xente ameazándoa e pedindo o voto. Manifesta neste intre o Sr. Secretario que ten a obriga de recoller sucintamente as opinións emitidas, pero que é imposible recoller literalmente as verbas dos concelleiros. Se algún concelleiro desexa que conste a transcripción literal das súas verbas debe presentar previamente a súa intervención por escrito, lela na sesión e manifestar o seu desexo de que conste literalmente na acta.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Sométese a votación a acta e apróbase co voto a favor de todos os concelleiros presentes, salvo o do Sr. Raposo, que vota en contra.

## **2. CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS.**

O Sr. Alcalde dálle a palabra ó Secretario para que de conta dos escritos presentados polos distintos grupos políticos nos que se lle comunica á Alcaldía a constitución de cada un deles e a designación tanto do Portavoz como do Portavoz suplente.

Os grupos políticos municipais quedan constituídos da seguinte maneira:

Partido dos Socialistas de Galicia, PsdoG-PSOE.

MEMBROS: D. Mariano Iglesias Castro, D Antonio Quindimil García, D Gervasio Sánchez Barreiro, D Iván Méndez García, Doña Pilar Sánchez Ulloa, D José Fernando García Lesta, Doña María Amparo García Pernas, D José María Tojo Espiñeira.

PORTAVOZ: D. Mariano Iglesias Castro.

PORTAVOZ SUPLENTE: D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

Partido Popular, PP.

MEMBROS: D Severino Álvarez Monteserín, Doña María José Quindimil Suárez.

PORTAVOZ: D. Severino Álvarez Monteserín.

PORTAVOZ SUPLENTE: D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez.

Bloque Nacionalista Galego, BNG.

MEMBROS: D. José Manuel Raposo López.

PORTAVOZ: D. José Manuel Raposo López.

A continuación, por Secretaría sinálase que, de conformidade co art. 74.4 parágrafo segundo da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, cando non exista Grupo mixto, este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obteña un só escano, de modo que pasará a integrar o Grupo mixto o Concelleiro D. José Manuel Raposo López, único concelleiro electo do partido político Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Mesía. Manifesta o Sr. Raposo que lle gustaría quedar como representante do BNG, sinalando o Sr. Secretario que así constará, pero que a creación do grupo mixto é unha formalidade legal.

Os concelleiros quedan enterados da constitución dos grupos políticos.

## **3. ACORDO SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

O Secretario da conta da proposta da Alcaldía, que literalmente, di:

*“PROPOSTA Ó PLENO SOBRE PERIODICIDADE DE SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.*

*D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), de conformidade cos artigos 46.1 e 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, 210.2.a) e 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 38, 78, 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, coa finalidade de establecer a periodicidade das sesións do*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Pleno e da Xunta de Goberno Local, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade bimensual, celebrando sesión o primeiro venres dos meses pares, ás 14:00 horas, no salón de plenos da Casa Consistorial. Se o día de celebración do Pleno ordinario fose inhábil trasladarase a data de celebración do mesmo ó venres hábil inmediatamente posterior, sen prexuízo de que cando as circunstancias o xustifiquen, previo acordo de todos os grupos municipais, puidera trasladarse a celebración da celebración da sesión plenaria ordinaria ó día hábil máis próximo que se acordase.*

*Segundo.- Fixar unha periodicidade quincenal, para a celebración das sesións da Xunta de Goberno Local.*

*MESÍA, 21 de xuño de 2011. O ALCALDE, D. Mariano Iglesias Castro.”*

Manifesta o Sr. Álvarez que lle gustaría que, en atención ás obrigas de algúns concelleiros non se celebrasen os plenos á hora de hoxe, ó que resposta o Sr. Alcalde que os ordinarios xa se propón que sexan ás dúas da tarde para maior comodidade.

Sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

## **4. ACORDO SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS**

O Secretario da conta da proposta da Alcaldía, que literalmente, di:

*“PROPOSTA Ó PLENO SOBRE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS.*

*D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), de conformidade co preceptuado no art. 38 do ROF e art. 20 e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril.*

*Considerando que a LRBRL non obriga ós Concellos con poboación inferior de 5.000 habitantes a creación de Comisións Informativas e, tendo en conta, a escasa complexidade orgánica da nosa Corporación.*

*Propoño ó Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro.- Non constituír Comisións Informativas Permanentes.*

*Segundo.- Constituír a Comisión Especial de Contas, por ser un órgano necesario e preceptivo segundo o art. 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, correspondéndolle o exame, estudio e informe de todas as contas, presupostarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.*

*Coa finalidade de garantir a proporcionalidade na composición desta Comisión, os seus integrantes serán:*

*PSdeG-PSOE: tres membros*

*PP: un membro*

*BNG: un membro*

*Terceiro: Constituír a Comisión Informativa Especial de seguimento do PXOM, coa función de ditaminar os acordos relativos ó PXOM que deban someterse á consideración do Pleno, celebrando sesións coa antelación necesaria para ditaminar o asunto que haxa de tratarse polo Pleno, nos días e horas que estableza o Presidente.*

*Coa finalidade de garantir a proporcionalidade na composición desta Comisión, os seus integrantes serán:*

*PSdeG-PSOE: tres membros*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*PP: un membro*

*BNG: un membro*

*Cuarto.- Conforme ó artigo 125.a) do ROF, o Sr. Alcalde é o presidente nato das anteditas comisións, establecéndose un prazo de 15 días, a contar dende o seguinte o da adopción deste acordo para que os portavoces dos grupos políticos comuniquen á Alcaldía a adscrición concreta dos membros que integran as anteditas Comisións, podendo designarse tanto titulares como, no seu caso, suplentes.*

*MESÍA, 21 de xuño de 2011. O ALCALDE, D. Mariano Iglesias Castro.”*

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

## **5. ACORDO SOBRE DETERMINACIÓN DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA, RETRIBUCIÓN, INDEMNIZACIÓN E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL.**

O Secretario da conta da proposta da Alcaldía, que literalmente, di:

*“PROPOSTA Ó PLENO SOBRE DETERMINACIÓN DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA, RETRIBUCIÓN, INDEMNIZACIÓN E ASISTENCIAS*

*D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), tendo como finalidade primordial a proximidade deste grupo de goberno cos veciños do noso concello, así como acadar unha mellora do benestar social, e un mellor funcionamento de todos os servizos municipais, de conformidade co previsto no artigo 75 da LRBRL, propoño ó Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro.- O recoñecemento e aprobación da dedicación exclusiva para os seguintes cargos:*

*- Alcaldía.*

*- Concellería de educación, cultura, muller e xuventude.*

*Segundo: Fixar as seguintes retribucións brutas de conformidade co acordo plenario de data 11 de xuño de 2010, polo que se asumiu a proposta da Comisión Executiva da FEMP, en relación á redución de salarios dos cargos electos e altos cargos locais:*

*A Alcaldía. 36.299,28 €, distribuídos en catorce pagas anuais*

*A Concellería de cultura, muller e xuventude: 21.777,23 €, distribuídos en catorce pagas anuais.*

*Terceiro: Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ó Sr. Alcalde e á Sra Concellera, con efectos dende a data da súa toma de posesión, o 11 de xuño, asumindo o Concello de Mesía o pago das cotas empresariais que correspondan conforme a lei.*

*Cuarto: Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva á sesións dos órganos colexiados da Corporación nas seguintes contías:*

*Plenos: 100 euros/sesión para o Presidente e de 40 euros/sesión para os demais membros.*

*Xuntas de Goberno Local: 167 euros/sesión Presidente e 100 euros/sesión para os demais membros*

*Comisións Informativas: 90 euros/sesión para cada membro.*

*Quinto: Os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, sempre que sexan efectivos, e previa xustificacións documental, segundo as*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas, de conformidade co previsto no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnización por razón do servizo ó persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, grupo 1º.*

*- Sexto: Acordar a publicación do presente acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.*

*MESÍA, 21 de xuño de 2011. O ALCALDE, D. Mariano Iglesias Castro.”*

O Sr. Alcalde dálle a palabra ó Sr. Raposo, quen manifesta que paréceme ben que se cobren as asistencias, pero non os concelleiros que xa teñen salarios, ó que resposta o Sr. Alcalde que os cargos de dedicación exclusiva non cobran por outro concepto a maiores que o correspondente salario.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ó Sr. Álvarez, quen manifesta que a postura do Partido Popular xa quedou clara por todos lados, e, a pesar de que vostede está lexitimado para facelo, paréceme un exceso que un concello como o noso, coa que está caendo, destine sesenta mil euros a pagar a políticos con dedicación exclusiva. Ademais quería facer a proposta de que non se cobre por asistencias a Plenos nin á Xuntas de Goberno, e que se destinen esas cantidades a bolsas de estudio para os rapaces de Mesía.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que, a súa opinión, como toda opinión respetuosa, será analizada por este grupo de goberno, pero quero deixar claro que, se estamos asumindo, no grado de compromiso que o estamos a facer, a nosa responsabilidade de goberno, débese cobrar polo traballo feito, e asegúrolles que son os cartos máis rentables que inverte este concello, xa que unha empresa privada cobraría moitísimo máis.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, aprobándose co seguinte resultado: oito votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSdeG-PSOE, e tres votos en contra, correspondentes ós concelleiros do PP e do BNG.

## **6. DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.**

O Secretario da conta da proposta da Alcaldía, que literalmente, di:

*“PROPOSTA Ó PLENO DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.*

*D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), en cumprimento do disposto no art. 38.c) do ROF, propoño ó Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:*

*Único.- Designar ós seguintes concelleiros para que representen o Concello nos órganos e entidades que a continuación se relacionan:*

- Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes:  
Titular: D. Mariano Iglesias Castro  
Suplente: D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa*
- Xunta Pericial do Catastro:  
Titular: D. Mariano Iglesias Castro  
Suplente: D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa*
- Consellos Escolares dos Colexios Públicos e Escolas:*





# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- C.P. Xanceda: Titular: D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa. Suplente: D. Mariano Iglesias Castro.
- C.P. Visantoña: Titular: D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa. Suplente: D. Mariano Iglesias Castro.
- Escola de Olas: Titular: D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa. Suplente: D. Mariano Iglesias Castro.
- Escola de Mesía: Titular: D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa. Suplente: D. Mariano Iglesias Castro.
- Asociación de desenvolvemento Comarcal de Ordes:  
Titular: D. Mariano Iglesias Castro  
Suplente: D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa
- FEGAMP:  
Titular: D. Mariano Iglesias Castro  
Suplente: D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa
- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar  
Titular: D. Mariano Iglesias Castro  
Suplente: D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa

MESÍA, 21 de xuño de 2011. O ALCALDE, Asdo./ Mariano Iglesias Castro.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

## **7. DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL.**

O Secretario da conta da proposta da Alcaldía, que literalmente, di:

*“PROPOSTA Ó PLENO SOBRE NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL:*

*D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude do artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que establece que “o número, características e retribución do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación ó comezo do seu mandato”, propoño ó Pleno, tendo en conta que xa se tiña previsto no presente exercicio, e, polo tanto, xa existe consignación orzamentaria ó efecto, o seguinte acordo sobre número, características e retribucións de persoal eventual:*

*Un posto de asesor/a de asuntos xerais da Alcaldía, cunha retribución anual bruta de doce mil euros, distribuída en doce pagas mensuais.*

*En Mesía, 21 de xuño de 2011 O ALCALDE, D. Mariano Iglesias Castro.”*

O Sr. Alcalde dálle a palabra ó Sr. Raposo, quen manifesta que non estou de acordo coa proposta, ¿qué é un asesor?, ¿pode explicar mellor as súas funcións?

Resposta o Sr. Alcalde que é unha praza de designación directa pola Alcaldía, é unha praza de confianza para prestar o servizo de que se trate, que nomea e cesa libremente a Alcaldía cando o estime convinte, e cesa en todo caso cando remata o mandato. Signifícolle que en Vilasantar, onde goberna unha compañeira súa, había unha persoa de confianza para o tema de obras e cobraba catro mil euros mensuais líquidos.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que non me parece necesaria esa figura, o que ademais é unha evidencia, xa que leva presupostada dende o ano 2004 e en sete anos nunca se chegou a ocupar.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, aprobándose co seguinte resultado: oito votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSdeG-PSOE, e tres votos en contra, correspondentes ós concelleiros do PP e do BNG.

## **8. ACORDO SOBRE DELEGACIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

O Secretario da conta da proposta da Alcaldía, que literalmente, di:

*“PROPOSTA Ó PLENO SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), visto o artigo 22.4 e 23.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.*

*Considerando a maior axilidade na resolución dos asuntos que se consegue mediante a delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:*

*- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación nas materias de competencia plenaria.*

*- A declaración de lesividade dos actos do Concello*

*- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento –salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior-, todo isto de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais, excepto cando, dacordo coa normativa vixente, a adopción do correspondente acordo esixira un quorum especial, en cuxo caso a competencia sería plenaria.*

*- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados que, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público, sexan competencia do Pleno Municipal por non corresponder á Alcaldía; excepto cando, de acordo coa normativa vixente, a adopción do correspondente acordo esixira un quórum especial, en cuxo caso a competencia será plenaria.*

*- As competencias en materia de adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial que corresponden ó Pleno do Concello, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, por non estar atribuídos á Alcaldía.*

*- As competencias en materia de enaxenación de patrimonio que corresponden ó Pleno do Concello, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2.007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, por non estar atribuídos á Alcaldía; coa salvedade da enaxenación dos bens declarados de valor histórico ou artístico, ou cando, de acordo coa normativa vixente, a adopción do correspondente acordo esixira un quórum especial, en cuxo caso a competencia será plenaria.*

*- As competencias en materia de adxudicación de concesións sobre os bens da corporación que corresponden ó Pleno do Concello, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, por non estar atribuídos á*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Alcaldía; excepto cando, de acordo coa normativa vixente, a adopción do correspondente acordo esixira un quórum especial, en cuxo caso a competencia será plenaria.*

*- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos no orzamento.*

*Segundo.- As facultades que pode exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as propias que corresponden ó órgano delegante, reservándose, non obstante, expresamente o Pleno, a facultade de avocar en calquera momento a competencia sobre calquera asunto ou materia obxecto de delegación.*

*Terceiro.- De conformidade co disposto polo artigo 51.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo RD 2568/1986, do 28 de novembro, estas delegacións terán efectos dende o día seguinte á adopción deste acordo, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, que se ordena polo presente acordo.*

*Mesía, 21 de xuño de 2011. O ALCALDE, D. Mariano Iglesias Castro.”*

O Sr. Alcalde manifesta que estas delegacións teñen como obxecto axilizar os expedientes e, como cada dous meses daráselles copia das actas das Xuntas de Goberno, poderán fiscalizar o que estimen oportuno. Manifesta o Sr. Álvarez que con este acordo se lle están a quitar competencias ó Pleno, e convendrá o Sr. Alcalde que non lle foi mal no Pleno na anterior lexislatura, onde sempre contou coa lealdade institucional do noso grupo en todos os temas que se achegaron. Espero a súa man tendida porque xa sei que non nos va a nomear membros da Xunta de Goberno. Resposta o Sr. Alcalde que efectivamente así foi, e por suposto seguirán contando coa miña man tendida, pero esta delegación de competencias otorga maior operatividade e axilidade no funcionamento ordinario do concello.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, aprobándose co seguinte resultado: oito votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSdeG-PSOE, e tres votos en contra, correspondentes ós concelleiros do PP e do BNG.

## **9 COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE, CONCELLERÍAS DELEGADAS, TESOUREIRO, CELEBRACIÓN DE XUNTAS DE GOBERNO LOCAL, E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO ALCALDE EN DITA XUNTA**

O Secretario da conta do decreto 274/2011, que literalmente, di:

*“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), Á vista do preceptuado nos artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e os artigos 38, 52, 53, 112 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, e sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, RESOLVO:*

*PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes señores concelleiros:*

- D. Antonio Quindimil García*
- D. Gervasio Sánchez Barreiro*
- D. Iván Méndez García*





## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*SEGUNDO.*– Notificar persoalmente aos designados os seus nomeamentos e ordenar a súa publicación no B.O.P.

*TERCEIRO.*– Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre dos nomeamentos sinalados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

*MESÍA, 16 de xuño de 2011.”*

O Secretario da conta do decreto 275/2011, que literalmente, di:

*“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), á vista do preceptuado nos artigos 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 62 e 63 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e os artigos 38, 46 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, e sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos Tenentes de Alcalde, de entre os membros da Xunta de Goberno Local, RESOLVO:*

*PRIMEIRO.*– Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros e na orde que se determina:

*-Primeiro Teniente de Alcalde: D. Antonio Quindimil García*

*-Segundo Teniente de Alcalde: D. Gervasio Sánchez Barreiro*

*-Terceiro Teniente de Alcalde: D. Iván Méndez García*

*SEGUNDO.*– Notificar persoalmente aos designados os seus nomeamentos e ordenar a súa publicación no B.O.P.

*TERCEIRO.*– Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre dos nomeamentos sinalados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

*MESÍA, 16 de xuño de 2011.”*

O Secretario da conta do decreto 276/2011, que literalmente, di:

*“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, en uso das atribucións que me confire os artigos 21.1 h) e s) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, e 41.19 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, e tendo en conta que debe nomearse Tesoureiro para a presente lexislatura.*

*Vista a disposición adicional 2ª da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e demais preceptos aplicables.*

*Visto o artigo 2.f) do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional, que establece: “(...) Nas Corporacións Locais con Secretarías de clase terceira, a responsabilidade administrativa das funcións de contabilidade, tesourería e recaudación poderá ser atribuída a membro da Corporación ou a funcionario da mesma”, polo presente resolvo:*

*Primeiro: Designar, de conformidade co artigo 2.f) 3º do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, como Tesoureira do Concello de Mesía, á concelleira Dª Pilar Sánchez Ulloa.*

*Segundo: Dar conta ó Pleno da presente designación na vindeira sesión que se celebre.*

*Terceiro: Notificar a presente resolución á interesada para a súa aceptación.*

*En Mesía, a 17 de xuño de 2011”*

O Secretario da conta do decreto 277/2011, que literalmente, di:



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*“D MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía En virtude das atribucións que me confiren os arts. 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 43.5 b) e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, e sendo competencia do Alcalde efectuar as delegacións nos concelleiros que estime pertinente, RESOLVO:*

*PRIMEIRO.–Efectuar delegacións especiais nos/as señores/as concelleiros/as que a continuación se sinalan e relativas áreas e servizos que seguidamente se determinan:*

*- CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN, CULTURA, MULLER E XUVENTUDE:*

*D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.*

*- CONCELLERÍA DE DEPORTE:*

*D Iván Méndez García.*

*- CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS:*

*D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.*

*SEGUNDO.–De conformidade co previsto no art. 43.5 b) do R.O.F., as citadas delegacións comprenderán a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

*TERCEIRO.–Notificar persoalmente ós designados os seus nomeamentos e ordenar a súa publicación no B.O.P.*

*CUARTO.–Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre do presente Decreto para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

*MESÍA, 17 de xuño de 2011.”*

O Secretario da conta do decreto 283/2011, que literalmente, di:

*“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), en uso das facultades que me confire o art. 112 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1.986, de 28 de novembro, RESOLVO:*

*PRIMEIRO.– Fixar o xoves como día de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, ás 08:30 horas. Se o día de celebración da sesión ordinaria fose inhábil trasladarase ó día hábil seguinte, sen prexuízo de que cando as circunstancias o xustifiquen, puidera trasladarse a celebración das sesións da Xunta de Goberno Local ó día hábil máis próximo que se acordase.*

*SEGUNDO.– Fixar a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local para o vindeiro día 24 de xuño, ás 08:15 horas.*

*TERCEIRO.- Poñer o presente decreto en coñecemento dos membros da Xunta de Goberno Local e do Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.*

*MESÍA, 20 de xuño de 2011.”*

O Secretario da conta do decreto 286/2011, que literalmente, di:

*“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), en uso das facultades que me confiren os arts. 21 e 23 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos arts. 61 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1.986, de 28 de novembro, RESOLVO:*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*PRIMEIRO.– Delegar na Xunta de Goberno Local, as seguintes atribucións que me asigna como delegables a lexislación vixente:*

*-O outorgamento de licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local, ditar ordes de execución e a declaración de ruína de edificios.*

*-As atribucións conferidas á Alcaldía nos procedementos de expropiación por razóns urbanísticas.*

*-O exercicio de potestades sancionadoras en materia urbanística de acordo coa súa normativa específica.*

*-As atribucións relativas os procedementos de restauración de legalidade urbanística de acordo coa súa normativa específica*

*SEGUNDO.– Poñer o presente decreto en coñecemento da Xunta de Goberno Local e do Pleno do Concello na primeira sesión que celebren e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.*

*MESÍA, 21 de xuño de 2011.”*

Os concelleiros quedan enterados.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ó Sr. Raposo, quen manifesta que, en relación co decreto das concellerías delegadas, a concellería de Servizos Sociais sería mellor que se denominara de Benestar Social, referido ó dereito social, logro acadado polo Sr. Zapatero, e que é un término máis axeitado que a outra denominación, propia do franquismo.

Resposta o Sr. Alcalde que grazas polas súas verbas para o noso xefe de filas, coa que está caendo, e a súa petición será analizada, pero non hoxe, que estamos nun pleno extraordinario.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ó Sr. Álvarez, quen felicita a todos os concelleiros que teñen delegacións e son merecedores da nosa confianza, respostando o Sr. Alcalde que coido que todos o somos.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as nove horas e cinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,